

Multiplicar o gozo

Compartillando milagres

ROMÁN RAÑA

Para aqueles que coñecemos o labor poético de Xosé M^a Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) sempre resultou un misterio que a súa faceta de crítico literario ocupase, nos manuais divulgativos, un espazo irrelevante dentro do seu corpus creativo, cando non meramente residual. Esa inxustiza, despois de ler os seus contributos anteriores á crítica literaria, resultaba a todas luces irreverente (lemremos a súa magnífica edición de *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro ou, sen ir máis lonxe, as súas formidábeis reseñas na desaparecida *Folla do Luns* de Vigo). O libro que agora vén ás nosas mans, *Espazos do poema*, confirma plenamente esta evidencia: estamos ante un crítico sumamente perspicaz, ante un analista que non exclúe a erudición nen a sensibilidade, ante alguén que se mergulla nos textos con ánimo de non ficar recluído nun público absorto ou nunha academia recalcitrante, o que permite á súa palabra ser tamén inventiva e á súa literatura descubrir a paixón e o arrebatado xunto co fervor intelectual. Calidades, todas elas, raras nestes pagos.

Que é o que desexa Xosé M^a Álvarez Cáccamo nestes páxinas? Creo, firmemente, que o seu obxectivo é o de multiplicar o gozo da literatura, que cada lector descubra as novas caras ocultas dese compartido mundo das letras. Tamén o de dilucidar, con agradecimento e humildade, cales poden ser os motivos que nos leven a esa delección. Para iso omite, opino que satisfactoriamente, a primicia da lectura e a súa posterior canonización. Exímenos, portanto, do lugar común ou do apriorismo. A obra literaria é unha realidade autónoma que se instala nun devir indescifrabel, mais nós posuímos as humildes ferramen-

tas para interpretarla ou, mellor, para tratar de interpretarla. Resulta sorprendente comprobar que, despois de todo, ese milagre pode ser compartido, que os soños e os símbolos, que o mundo imaxinario pode ser distribuído e tamén comprendido por persoas distintas a nós e distantes no tempo e no espazo.

O volume que agora comentamos incorre en todas estas sabedorías. Representa o esforzo dun home, un poeta, por indagar sobre o seu propio exercicio literario (parte 1^a, poéticas), sobre a vasta historia da literatura (parte 2^a, panoramas), sobre o concreto universo verbal dos escritores galegos (parte 3^a, lecturas) e, dun afortunado e particular modo, sobre unha serie de poemas que estremeceron a súa sensibilidade (parte 4^a, comentarios). En todos estes casos estamos ante un rigor destinado a conmoernos. No meu caso podo afirmar que o conseguiu sobradamente.

ÁLVAREZ CÁCCAMO, X. M^a, *Espazos do poema*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 19 €

